

Queridos/as socios/as:

Poñémonos en contacto contigo para informarte de que a directiva da ANPA, transcorrido o tempo estipulado dende a súa constitución, consideramos que rematou o mandato tanto da actual presidenta María González Barco como do resto dos membros actuais.

Tendo posto a disposición os cargos da directiva hai pouco máis de ano e medio, sen que estes fosen renovados, entendemos que se debe abrir o **proceso para elixir unha nova Xunta Directiva.**

Segundo o establecido nos Estatutos da ANPA (que están dispoñibles para todos na páxina de facebook e que se adxuntan a esta carta), a elección da Xunta directiva da ANPA será realizada pola Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios (art. 16 e 18 dos estatutos), previa presentación de candidaturas, que serán debidamente difundidas.

Polo tanto, por acordo adoptado pola actual Xunta Directiva da ANPA O FORMENTO, comunícaselle a convocatoria das **Asemblea Ordinaria e Asemblea Extraordinaria** de socios que se detallan a continuación.

Dada a importancia dos asuntos a tratar, agardamos a túa asistencia.

Recibe un afectuoso saúdo.

A handwritten signature in black ink, enclosed within a hand-drawn oval. The signature is stylized and appears to be the name of the sender.

En Arzúa a 27 de xuño de 2020

**CONVOCATORIA DE ASEMBLEA ORDINARIA  
ANPA O FORMENTO**

DATA: 13 de xullo de 2020

HORA: 19:00 h. en primeira convocatoria e 19:15 h. En segunda convocatoria

LUGAR: Local da ANPA O FORMENTO no CEIP de Arzúa

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Estado de contas.
3. Acordo sobre a limitación, para as persoas socias que non estean ao corrente do pagamento da cota anual, da súa capacidade de se presentar como candidatas-os para a Xunta directiva da asociación.
4. Acordo sobre as normas no caso de producirse empate entre candidatas-os para a Xunta directiva.
5. Rogos e preguntas

En Arzúa, a 27 de xuño de 2020

Asdo.: María González Barco  
Presidenta da ANPA O FORMENTO



**CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA  
ANPA O FORMENTO**

DATA: 13 de xullo de 2020

HORA: 19:45 h., a continuación da Asemblea Ordinaria. \* A hora pode sufrir retraso, en función da duración da asemblea ordinaria.

LUGAR: Local da ANPA O FORMENTO no CEIP de Arzúa

ORDE DO DÍA

**1. Eleccións da nova xunta directiva:** presidente/a, vicepresidente/a, tesoureiro/a, secretario/a e vogais.

a) O **prazo para a presentación das candidaturas** será ata o **6 de xullo de 2020** (incluído). Estas poderán ser **depositadas no local da ANPA** ou entregadas **por correo electrónico ao enderezo [anpaoformento@gmail.com](mailto:anpaoformento@gmail.com)**. A **carta de presentación** á candidatura é persoal e ten que ir **asinada polo/a interesado/a**. Debe **conter**, polo menos, **nome e apelidos** do/a candidato/a, número de **DNI**.

b) As candidaturas individuais presentaránse mediante o envío dun texto similar a este:

*Nome e Apelidos, comunica a súa intención de se presentar como candidata para a Xunta directiva da Anpa O Formento do Ceip de Arzúa; con esta comunicación expresamente dou o meu consentimento para que esta candidatura se difunda en todos os medios que a Anpa utiliza de acotío, a os efectos de que así se coñeza por parte das persoas socias.*

O texto poderá ser entregado no buzón da ANPA, ou polo correo electrónico ao enderezo [anpaoformento@gmail.com](mailto:anpaoformento@gmail.com)

c) O dereito de voto ten os seguintes requisitos:

I. Cada socio/a votará SI, NO ou ABSTENCIÓN a cada candidato-a.

II. O voto será LIBRE, DIRECTO E SECRETO, sendo necesario presentar o DNI para poder exercelo. O censo estará dispoñible no local da ANPA.

**2. Rogos e preguntas.**

En Arzúa, a 27 de xuño de 2020



Asdo.: María González Barco  
Presidenta da ANPA O FORMENTO